



## BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE NA FESTA DA ARRIBADA DA CARABELA PINTA Á BAIONA PARA O ANO 2018.

### PRIMEIRO: ÁMBITO DE APLICACIÓN.

As presentes bases teñen por obxecto fixar os criterios que rexen a autorización e instalación dos postos temporais de venda en espazos de uso público municipais destinados a venda de produtos autorizados para a Festa da Arribada da Carabela Pinta a Baiona e que se rexen pola lei 13/2010 de 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia e pola ordenanza fiscal nº 17, reguladora da taxa por ocupación de dominio público para a Festa da Arribada no concello de Baiona.

Para establecer a taxa a liquidar se aplicará a ordenanza fiscal nº 17 do Concello de Baiona que especificamos no seguinte cadro:

<b>5.- Postos de venda de artigos no Mercado Medieval da Festa da Arribada:</b>			
<b>DESCRIPCIÓN DOS POSTOS</b>	<b>Nº DE POSTOS</b>	<b>TIPO DE POSTO / PREZO TAXA (3 e 4 de marzo de 2018)</b>	<b>UBICACIÓN</b>
<b>Venda de artesanía:</b> cerámica, repuxado de coiro, cestería, barro, xoguetes artesanás, marionetas, feltro, bixutería, xabóns e produtos de cosmética natural, antigallas, libros usados, elaboracións en calceta, ganchillo, lá e tela, coroas florais e abelorios, etc	70 tenderetes do Concello	<b><u>TENDERETE DO CONCELLO:</u></b> Son os tenderetes propiedade do Concello que se asignaran por sorteo público mediante solicitude presentada por rexistro ou a través da sede electrónica dentro do prazo establecido. Estes postos non poderán alugarse nin cedelos a terceiros.  Só poderán vender artesanía.  Entre todas as solicitudes presentadas, sortearanse publicamente os 70 tenderetes (capacidade máxima que ten o casco antigo), así como o lugar da rúa onde se situará o mesmo.	Colocaranse por todo o recinto do Real Mercado Medieval da Arribada (casco antigo), excepto a zona do Bo Xantar (Santa Liberata) destinada a comida.



		<p><u>Tamaño do tenderete:</u> 2 x 1,5 metros lineais.</p> <p><b>Taxa: 100.-€</b></p> <p><b>Estes postos terán unha bonificación do 75% da taxa mediante declaración xurada de que realizarán durante a venda dos seus produtos unha demostración en vivo e en directo no propio posto de venda.</b></p>	
<p><b>Venda de postos de comida salgada e doce:</b></p> <p>Pan, empanadas, empanadillas, filloas, queixos, embutidos, croquetas, tortillas, chourizos, lacón, callos, polbo, xamón asado, aceitunas, froitos secos, froita, doces caseiros, magdalenas, cañitas, rosquillas, leite frita, gofres, bica, ñoclos de Pinzón, tortas de Sarmiento, mel, chocolate, amendoados, etc.</p>	<p>Nº Postos de Establecementos que o soliciten</p>	<p><b><u>POSTOS DE ESTABLECEMENTOS DE BAIONA:</u></b></p> <p>Son aqueles postos dos establecementos: bares, tabernas, bodegas, restaurantes, e negocios de venda de produtos con sede social en Baiona e en pleno funcionamento durante os 2 últimos anos, na que os donos soliciten asentarse na vía pública, fronte a súa propiedade para atendelos eles mesmos no seu beneficio.</p> <p>Estes postos solo serán autorizados no caso de que a organización non necesite dito espazo e sempre que as condicións da rúa o permita.</p> <p>Montarán o seu propio posto con supervisión da organización en canto a metros cadrados e ubicación.</p> <p>NOTA: estes postos teñen obrigatoriamente que adquirir os vasos conmemorativos da Festa. (Ver táboa de prezos e tamaños).</p>	<p>Colocaranse nas fachadas dos establecementos con licenza en vigor no recinto do Real Mercado Medieval.</p>



<p><b>Venda de artesanía:</b></p> <p>cerámica, repuxado de coiro, cestería, barro, xoguetes artesáns, marionetas, feltro, bixutería, xabóns e produtos de cosmética natural, antigallas, libros usados, elaboracións en calceta, ganchillo, lá e tela, coroas florais e abelorios, etc.</p>	<p>Nº Postos de Establecementos que o soliciten</p>	<p><b><u>Taxa: Mínimo 2 metros lineais: 100.-€</u></b></p> <p><b>Exceso sobre 2 metros lineais, cada metro lineal ou fracción: 50.-€</b></p> <p><b><u>POSTOS DE ESTABLECEMENTOS DE BAIONA:</u></b></p> <p>Son aqueles postos dos establecementos de venda de artesanía dos negocios con sede social en Baiona e en pleno funcionamento durante os 2 últimos anos, na que os donos soliciten asentarse na vía pública, fronte a súa propiedade para atendelos eles mesmos no seu beneficio.</p> <p>Estes postos solo serán autorizados no caso de que a organización non necesite dito espazo e sempre que as condicións da rúa o permita.</p> <p>Montarán o seu propio posto con supervisión da organización en canto a metros cadrados e ubicación.</p> <p><b><u>Taxa: Mínimo 2 metros lineais: 100.-€</u></b></p> <p><b>Exceso sobre 2 metros lineais, cada metro lineal ou fracción: 50.-€</b></p> <p><b>Estes postos terán unha bonificación do 75% da taxa mediante declaración xurada de que realizarán durante a venda dos seus produtos unha demostración en vivo e en directo no propio posto de venda.</b></p>	<p>Colocaranse nas fachadas dos establecementos con licenza en vigor no recinto do Real Mercado Medieval.</p>
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------



<p><b>Venda de postos de comida salgada ou doce:</b></p> <p>Pan, empanadas, empanadillas, filloas, queixos, embutidos, croquetas, tortillas, chourizos, lacón, callos, polbo, xamón asado, aceitunas, froitos secos, froita, doces caseiros, magdalenas, cañitas, rosquillas, leite frita, gofres, filloas, bica, ñoclos de Pinzón, tortas de Sarmiento, mel, chocolate, amendoados, etc.</p> <p><b>Venda de artesanía:</b></p> <p>cerámica, repuxado de coiro, cestería, barro, xoguetes artesáns, marionetas, feltro, bixutería, xabóns e produtos de cosmética natural, antigallas, libros usados, elaboracións en calceta, ganchillo, lá e tela, coroas florais e abelorios,</p>	<p>50 Postos Propios</p>	<p><b><u>POSTOS PROPIOS:</u></b> Son aqueles postos de empresas ou autónomos que polas súas características e produtos de venda sexan autorizados pola organización da festa.</p> <p>Estes postos se adxudicarán tendo en conta o tamaño do posto, os metros dispoñibles na rúa, a ambientación medieval do posto, as características dos produtos á venda e a mellor circulación e seguridade das persoas dentro do recinto do Mercado Medieval.</p> <p>NOTA: estes postos teñen obrigatoriamente que adquirir os vasos conmemorativos da Festa. (Ver táboa de prezos e tamaños).</p> <p><b><u>Taxa: mínimo 2 metros lineais: 100.-€</u></b></p> <p><b>Exceso sobre 2 metros lineais, cada metro lineal ou fracción: 50.-€</b></p> <p><b><u>POSTOS PROPIOS:</u></b> Son aqueles postos de empresas ou autónomos que polas súas características e produtos de venda sexan autorizados pola organización da festa.</p> <p>Estes postos se adxudicarán tendo en conta o tamaño do posto, os metros dispoñibles na rúa, a ambientación medieval do posto, as características dos produtos á venda e a mellor circulación e seguridade das persoas dentro do recinto do Mercado Medieval.</p>	<p>Colocaranse no recinto do Real Mercado Medieval.</p> <p>(Marqués de Quintanar, Santa Liberata, Praza Pedro de Castro e Alameda Carabela Pinta).</p>
-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------



etc		<p><b><u>Taxa: Mínimo 2 metros lineais: 100.-€</u></b></p> <p><b>Exceso sobre 2 metros lineais, cada metro lineal ou fracción: 50.-€</b></p> <p><b>Estes postos terán unha bonificación do 75% da taxa mediante declaración xurada de que realizarán durante a venda dos seus produtos unha demostración en vivo e en directo no propio posto de venda.</b></p>	
<p><b>Venda de postos de comida doce e salgada:</b></p> <p>pan, empanadas, empanadillas, filloas, queixos, embutidos, croquetas, tortillas, chourizos, lacón, callos, polbo, xamón asado, aceitunas, froitos secos, froita, doces caseiros, magdalenas, cañitas, rosquillas, leite frita, gofres, filloas, bica, ñoclos de Pinzón, tartas de Sarmiento, mel, chocolate, almendrados, etc.</p>	20 Postos Gremiais	<p><b><u>POSTOS GREMIAIS:</u></b> Son aqueles establecidos para colectivos ou institucións con sede social en Baiona en pleno funcionamento con anterioridade á aprobación das bases da arribada.</p> <p>Estes postos se adxudicarán tendo en conta o tamaño do posto, os metros dispoñibles na rúa, a ambientación medieval do posto, as características dos produtos á venda e a mellor circulación e seguridade das persoas dentro do recinto do Mercado Medieval.</p> <p>NOTA: estes postos teñen obrigatoriamente que adquirir os vasos conmemorativos da Festa. (Ver táboas de prezos e tamaños).</p> <p><b>TAXA: exentos ata os 14 metros lineais e o exceso por cada metro lineal ou fracción: 50.-€</b></p>	Entorno de Santa Liberata



## SEGUNDO: EMPRAZAMENTO E AMBIENTACIÓN DO REAL MERCADO:

**En canto ao EMPRAZAMENTO:** os postos de venda situaranse dentro do recinto do Real Mercado Medieval da Arribada que comprende as seguintes rúas e prazas do casco histórico de Baiona: Praza do Pai Fernando, Ventura Misa, Praza Pedro de Castro, Conde, Fonte de Ceta, Lorenzo de la Carrera, Praza do Concello, Xogo da Bola, O Reloxo, Diego Carmona, A Laxe, San Lorenzo, Manuel Valverde, San Xoán, Praza de Santa Liberata, Marqués de Quintanar, Alameda Carabela Pinta, paseo Ribeira e parque da Palma.

Fora do recinto establecido non se permitirá o asentamento de ningún posto na rúa, nin a venda ambulante de ningún produto.

A policía Local incautará toda aquela mercancía que non estea autorizada pola organización e que non este dentro do Recinto do Real Mercado Medieval.

**En canto a AMBIENTACIÓN:** os solicitantes deberán adaptarse ao espazo asignado pola organización e deberá ter unha ambientación acorde coa festa, tanto no interior como no exterior: o mobiliario e estruturas deberán ser de madeira, arpillera e palla. Calquera material deberá estar recuberto con tecidos rústicos (liño, tela de saco, sedas,..)

Todas as persoas que estean ao fronte do posto deberán ataviarse con traxes adecuados á época e a historia na que se ambienta a festa (século XV).

Todos os menús deberan ser acordes co espírito da festa, mantendo unha boa relación calidade/prezo.

A listaxe de prezos deberá estar en lugar visible e o seu cartel será aportado pola organización e deberán ter follas de reclamación a disposición do público.

Nos postos de comida a louza e vaixela empregada deberá ser de barro, cristal ou cartón biodegradábel e está prohibido a utilización de envases de plástico, PVC ou similares.

A organización porá a disposición dos postos de comida un vaso conmemorativo co logo de festa que será requisito imprescindible adquirilos á organización.

### DISPENSARIO DE VASOS CONMEMORATIVOS SERIGRAFIADOS

**OS POSTOS GREMIAIS, OS POSTOS DE ESTABLECEMENTOS E OS POSTOS PROPIOS DE VENDA DE ALIMENTOS**, obrigatoriamente deberán adquirir un mínimo de 1.000 vasos conmemorativos serigrafiados cos logos da Festa da Arribada que serán facilitados pola organización. As medidas e os prezos son:

VASO CONMEMORATIVO	VASO PEQUEÑO	VASO GRANDE	PRECIO 1.000 u.
	2,70 ml	3,60 ml	60.-€
	9 oz	12 oz	60.-€



### **TERCEIRO: DATAS, UBICACIÓN E HORARIO DE OCUPACIÓN.**

As datas da celebración do Real Mercado Medieval da Arribada serán o sábado 3 e o domingo 4 de marzo de 2018.

O horario autorizado será o seguinte:

- **Sábado 3 de marzo:** dende as 10:00h-00:00h.
- **Domingo 4 de marzo:** dende as 10:00h-22:00h.

A Concellería de Cultura no uso das facultades atribuídas nas disposicións aplicable na materia e cando concorran circunstancias de interese público debidamente motivadas que o fagan aconsellable, poderá tanto ampliar como limitar o período de ocupación indicado nas presentes bases.

### **CUARTO: REQUISITOS DOS SOLICITANTES.**

Os solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente do pago da tarifa e no caso de estar exentos, estar dados de alta no censo de obrigados tributarios. Así mesmo, deberá acreditar estar ao corrente coas obrigacións tributarias da AET e coa Facenda Pública.
- b) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente do pago das cotizacións.
- c) Cumprir coas condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda e no seu caso estar en posesión da carta de artesan.
- d) Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de formación en materia de manipulación de alimentos (carné de manipulador de alimentos).
- e) Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- f) Dispor dos permisos de residencia e traballo que en cada caso, foxen esixibles, si se tratase de persoas estranxeiras.
- g) Dispor dun Seguro de Responsabilidade Civil en vigor.

### **QUINTO.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

1.- O prazo para presentar as solicitudes de postos de venda no Real Mercado Medieval da Festa da Arribada estará aberto dende o **luns 15 de xaneiro ata o venres 2 de febreiro** de 2018, ambos os dous incluídos.

2.- Todas as persoas interesadas en obter autorización para a instalación dos postos de venda no Real Mercado Medieval da Arribada, deberán cubrir a **solicitud oficial (Anexo I)** e Declaración Responsable (Anexo II) e presentalas no rexistro xeral do Concello ou a través da sede electrónica <http://baiona.sedelectronica.gal/legal>.



Tamén poderá presentarse nas formas previstas na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común. No obstante, no caso de presentarse fora do Concello, o/a solicitante deberá dirixir por Fax, ao nº **986/357474** unha copia da instancia debidamente presentada con anterioridade ao remate do prazo a efectos de que poida ser incluída na relación de solicitantes. En caso contrario inadmitirase dita solicitude.

A solicitude deberá acompañar a seguinte documentación:

- **Fotocopia do DNI/NIF do solicitante** ou documento acreditativo análogo expedido no Estado membro da UE ou permiso de traballo e residencia en vigor na data da solicitude.
- Se o solicitante actuase mediante representante, este deberá aportar copia do **D.N.I. ou documentación equivalente do representante**, así como a acreditación do poder de representación có que actúa.
- No caso de empresas ou asociacións **fotocopia do CIF**.
- Declaración responsable segundo o modelo **Anexo II**.
- Nos casos de solicitudes de **postos de atraccións de feira medieval**, estes deberá aportar a maiores:
  - Informe técnico acreditativo de que a instalación ou estrutura móbil cumpre as condicións de seguridade para o desenvolvemento da actividade consonte a normativa aplicable ou copia da documentación ITV ou documento análogo do estado de idoneidade.
  - Póliza de seguro de responsabilidade civil e xustificante do pago da mesma polos riscos derivados das actividades a realizar por posibles danos a terceiros e ao persoal que preste os seus servizos, así como ao público asistente no seu caso.

3.- Só admitirase unha solicitude por persoa.

## **SEXTO: ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DOS POSTOS DE VENDA.**

**TENDERETES DO CONCELLO:** De entre todas as solicitudes presentadas por rexistro, sortearanse 70 tenderetes do Concello, que é a capacidade máxima que ten o recinto do casco antigo onde se ubican estes postos. Dita adxudicación se realizará mediante sorteo público que terá lugar o sábado 10 de febreiro ás 11:00h no Salón de Plenos do Concello de Baiona. Esgotados os 70 tenderetes, continuará o sorteo a fin de elaborar unha listaxe de reservas.

O solicitante ou representante non terá por que asistir obrigatoriamente ao sorteo. O resultado do sorteo coa listado provisional de admitidos publicarase na páxina web do concello debendo o suxeitos pasivos ingresar o importe da taxa dentro do prazo establecido e de conformidade co apartado sétimo das presentes bases.





### **POSTOS DE ESTABLEMENTOS, POSTOS PROPIOS E POSTOS GREMIAIS:**

Estes postos se adxudicarán tendo en conta o tamaño do posto, os metros dispoñibles na rúa, a ambientación medieval do posto, as características dos produtos á venda e a mellor circulación e seguridade das persoas dentro do recinto do Mercado Medieval.

As adxudicacións provisionais publicaranse na páxina web do concello debendo o suxeitos pasivos ingresar o importe da taxa dentro do prazo establecido e de conformidade co apartado sétimo das presentes bases.

### **SÉTIMO: PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL E PAGO DA TAXA.**

A relación de solicitudes admitidas provisionalmente publicarase na páxina web do Concello o luns 12 de febreiro de 2018, debendo realizar o pago da taxa correspondente dende o luns 12 ata o 16 de febreiro mediante transferencia bancaria no número de conta corrente **ES23 2080 5015 6131 1002 4243 de Abanca.**

O xustificante bancario deberá ser enviado ao correo electrónico [arribada@baiona.org](mailto:arribada@baiona.org) dentro do prazo establecido.

O solicitante que non realice o pago das taxas no prazo establecido, será rexeitado, sendo chamado, no caso dos tenderetes, o seguinte na listaxe de reservas.

### **OCTAVO: PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA.**

Elaborada a listaxe definitiva, a organización procederá á publicación da resolución de alcaldía que outorga as autorizacións para todos os postos de venda no Real Mercado Medieval da Arribada na páxina web do Concello a partir do 23 de febreiro de 2018.

Unha vez adxudicado o tenderete, se o solicitante non o utiliza, non terá dereito a devolución da taxa.

Todos os postos do Real Mercado Medieval serán numerados e plasmados nun plano que se publicará na páxina web do concello, non podendo ser cambiados de sitio baixo ningún concepto.

### **NOVENO: PRODUTOS AUTORIZADOS PARA A VENDA E EXHIBICIÓN:**

Os produtos de venda e exhibición autorizados no Real Mercado Medieval deberán ser naturais, autóctonos, feitos a man e elaborados na casa, de características artesás e ancestrais, e sempre que encaixen na seguinte clasificación e grupos:

- a) **Alimentación:** pan, empanadas, empanadillas, filloas, queixos, embutidos, croquetas, tortillas, chourizos, lacón, callos, polbo, xamón asado, aceitunas, froitos secos, froita, doces caseiros, bicas, magdalenas, cañitas, rosquillas, leite frita, gofres, filloas, ñoclos de Pinzón, tortas de Sarmiento, mel, chocolate, amendoados, etc.
- b) **Bebidas:** viño (prohibense as mesturas que conteñan viño, como sangría ou calimocho), cervexa, auga, leite, zumes e refrescos, etc. Estas bebidas autorizaranse só nos postos de comida.



- c) **Artesanía:** todos os produtos feitos a man e cunhas características determinadas onde se empreguen materiais como corda, mimbre, barro, madeira, ferro, tecidos, prata, ouro, bronce, pedra, pizarra, coiro, gomaeva, metal, etc.
- d) **Demostración de oficios artesanais:** alfareiros, ferreiros, canteiros, carpinteiros, cesteiros, telleiros, repuxado de coiro, encaixes de bolillos, calceta, orfebrería, redeiros, etc.
- e) **Antigallas:** venda de antigallas como apeiros de labranza, chaves de ferro, utensilios e pezas cunha antigüidade superiores a 50 anos.
- f) **Animais:** exhibición de aves de cetrería e animais domésticos en cativeiro que teñan toda a documentación e os permisos legais esixibles para a súa exhibición ao público.

#### **DÉCIMO: REQUISITOS DOS POSTOS DE VENDA:**

Os postos se axustarán ao disposto nas regulamentacións técnico sanitarias específicas e demais normativa reguladora aplicable en cada sector.

Todos os postos deberán reunir as debidas condicións de estabilidade e seguridade sen que polas súas características ou modo de instalación poidan supor un risco para os usuarios, os viandantes e para os bens públicos ou privados.

O solicitante responderá de calquera desperfecto que se orixine na zona autorizada e de calquera anomalía que se produza no exercicio da súa actividade.

A persoa titular da autorización deberá ter exposta ao público e as autoridades que realicen actuacións inspectoras os seguintes documentos:

- A autorización do posto de venda que lle facilitará a organización.
- Follas de reclamación e unha dirección para a recepción das mesmas.
- Listaxe coas mercadorías e os prezos que teñan a venda.

#### **UNDÉCIMO: CONDICIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS.**

As autorizacións concédense para os días 3 e 4 de marzo de 2018.

- Sobre a montaxe e desmontaxe:
  - Montaxe: Os postos montaranse entre as 7 e as 10 horas da mañá do día 3 de marzo, salvo autorización expresa do Departamento de cultura de Baiona para efectualo na véspera pola tarde.
  - Desmontaxe: realizarase unha vez rematado o Mercado a partir das 22:00h do día 4 de marzo e como prazo máximo deberá estar todo recollido o martes 6 de marzo pola mañá.
- A limpeza do espazo ocupado, así como a recollida de residuos que se xeren como consecuencia do uso que se solicita, deberá ser asumida pola persoa titular da autorización e o lugar utilizado deberá quedar nas mesmas condicións de uso e limpeza nas que os atopou. Esta limpeza realizarase cada día ao finalizar o



remate da actividade autorizada.

- A persoa titular da autorización está obrigada a atender persoalmente o posto sen que poda cedelo ou alugalo a terceiros.
- A persoa titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados como consecuencia do exercicio da actividade obxecto da autorización e deberá contar cun seguro de responsabilidade civil que cubra a actividade a realizar.
- Non se utilizará ningún anclaxe sobre o pavimento, e no caso do uso de parrillas estes postos deberán protexer o pavimento para evitar manchalo con graxas, aceites e carbón.
- No se permitirá a reprodución de música nin o uso de aparellos de megafonía salvo os autorizados pola organización.
- Non se permitirá publicidade distinta que non sexa a oficial da Festa da Arribada en calquera medio gráfico, escrito ou dixital.
- As persoas adxudicatarias dos postos e as persoas que estean atendendo o posto con eles, deberán obrigatoriamente estar ataviados de época.
- O Concello de Baiona poderá comprobar en calquera momento o cumprimento das condicións recollidas nas presentes bases, mediante a correspondente inspección.
- O incumprimento de calquera das cláusulas das presentes bases implicará a retirada ou precinto do posto e a prohibición de participar nas edicións posteriores da festa, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que no seu caso proceda.

#### **DUODÉCIMO: NORMAS PARA O USO DE PARRILLAS:**

Nos postos de comidas que utilicen parrillas deberán de cumprir coas seguintes medidas de seguridade:

- Todos os postos de comida que teñan parrillas e pretendan facer lume deberán dispor dun extintor de 6 kg EFICACIA 21 A-113 B ou dous de 3 kilos.
- A delimitación do espazo do lume, a protección e os extintores deberán estar listos para a revisión antes da festa por parte dos servizos de seguridade da organización.
- O lume farase nun espazo acotado para tal fin, non permitindo o acceso as persoas alleas a actividade.
- Non se pode facer lume debaixo de toldos, instalacións eléctricas ou outros elementos susceptíbeis de arder.
- O zona debe estar illada con pranchas metálicas en tres das catro caras do soporte e o chan protexido para evitar queimalo ou manchalo con graxas, aceites e carbón.



- Todo tipo de lume deberá estar apagado antes das 24 horas da noite de cada día.
- O incumprimento desta normativa de lumes será motivo para o precinto inmediato do espazo autorizado.

#### **TRECEAVO: MOTIVOS DE PRECINTADO E EXPULSIÓN DO MERCADO:**

- A presentación de documentación falsa ou irregular será motivo de expulsión.
- As solicitudes que non veñan acompañadas por algún dos documentos esixidos ou as que non veñan asinadas polo solicitante non serán admitidas.
- O incumprimento de calquera norma das presentes bases dará por revocada a actividade pola cal solicitou autorización.

**CATORCEAVO:** Ordear a súa publicación na páxina web do concello de Baiona.

#### **PARA MÁIS INFORMACIÓN E DÚBIDAS DA FESTA POÑERSE EN CONTACTO CON:**

- Páxina web do concello: [www.baiona.org](http://www.baiona.org)
- [arribada@baiona.org](mailto:arribada@baiona.org)
- [Teléfono de consultas 986356282](tel:986356282). HORARIO DE LUNS A VENRES de 17:00.19:00H